

CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

## INFORME ECONOMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2019

Ao obxecto de dar cumprimento aos requirimentos previstos no artigo 168.1 e) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, preséntase o informe económico de gastos no que se acredita a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

### *Réxime xurídico de aplicación*

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde EHA/3565/2008 .

### *Consideracións xerais*


O artigo 165 do TRLRFL, regula o contido dos orzamentos integrantes do orzamento xeral, establecendo no seu apartado 1, que o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeneral de Estabilidade Orzamentaria.

Pola súa parte, o artigo 3 da LOEOSF, regula o principio de estabilidade orzamentaria,

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

1





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

establecendo que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEOSF, regula a Regra de gasto, establecendo que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, nos requirimentos de información, establece que no prazo fixado, antes do 31 de xaneiro, remitiranse os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orde, dos investimentos previstos realizar no exercicio e no tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento (PAIF), e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.

Achegarase igualmente a información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, SEC-2010.

O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda.

Non resulta por tanto obrigatorio que o Orzamento que se aprobe estea dentro da variación da TRCPIB, quedando este cumprimento para a Liquidación do mesmo.

O artigo 15 da LOEOSF, estable que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, coa proposta do Ministro de Facenda e Administracións Públicas e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e da Comisión Nacional de Administración Local en canto ao ámbito das mesmas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

Os acordos adoptados sobre os obxectivos das regras fiscais foron os seguintes:

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

2



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 07/11/2018 13:38

Páxina 2 de 27

Expediente 55/142

CSV: 2FEC5B-58BH21-BDBAAC-RJMQZ-CUR2BU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Consello de Ministros, sesión do 20 de xullo de 2018 e 15 de outubro de 2018.

Proposta ao Congreso dos Deputados, Pleno do 27 de xullo de 2018, que foi rexeitada.

De momento prorrogáranse os obxectivos correspondentes ao acordo do Consello de Ministros da sesión do 7 de xullo de 2017, aprobadas polo Congreso dos Deputados no Pleno do 11 de xullo de 2017, e polo Senado no Pleno do 12 de xullo de 2017, polo que se establecían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e TRCPIB referidos ao período 2018-2020.

No entanto, o artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria establece que, despois do rexeitamento das Cortes ao teito de gasto, o Goberno ten que volver remitir un novo acordo nun prazo máximo dun mes. A esta data non hai outro acordo, polo que incorporáanse as rexeitadas por si fosen sometidas de novo ás Cámaras e as prorrogadas, que son as que a esta data serían aplicables ao ano 2019.


No entanto, aínda que non se aprobasen os obxectivos propostos, ao subsector local non afectarían, xa que os obxectivos de estabilidade e de TRCPIB son os mesmos. En canto ao obxectivo de débeda, o obxectivo prorrogado é menos esixente que o proposto.

Obxectivos, % sobre PIB (±). Proposta rexeitada				Obxectivo estabilidade (±), % s/PIB. Prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central	-0,40%	-0,10%	0,00%	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,40%	-1,20%	-1,10%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,30%	-0,10%	0,00%	-0,30%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Total</b>	<b>-1,80%</b>	<b>-1,10%</b>	<b>-0,40%</b>	<b>-2,20%</b>	<b>-1,50%</b>	<b>-0,50%</b>

Débeda segundo PDE, % sobre PIB, proposta rexeitada				Débeda segundo PDE, % s/ PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,10%	68,90%	67,20%	70,90%	69,70%	67,70%
Comunidades Autónomas	23,70%	23,00%	22,20%	24,00%	23,10%	22,30%
Entidades Locais	2,30%	2,20%	2,10%	2,70%	2,60%	2,50%
<b>Total</b>	<b>96,10%</b>	<b>94,10%</b>	<b>91,50%</b>	<b>97,60%</b>	<b>95,40%</b>	<b>92,50%</b>

(TRCPIB) s/PIB, proposta rexeitada	(TRCPIB) s/PIB, prórroga
------------------------------------	--------------------------





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,90%	3,10%	2,40%	2,70%	2,80%

O Orzamento do ano 2019, formouse nun escenario de estabilidade dos ingresos propios, onde non houbo variacións pola actualización das Ordenanzas Fiscais reguladoras dos Tributos. A variación do PIB segundo o último informe do FMI para o ano 2019, é do 2,2%.

Tampouco se prevén variacións importantes na cesión de Tributos nin no FCF, de ahí que se mantivesen as contías das entregas a conta do ano 2018.

A TRCPIB <sup>2019</sup> aprobada é do 2,7% do PIB, e o IPC interanual maio <sup>(2017-2018)</sup>, tomado anualmente para a revisión de tipos nas Ordenanzas Fiscais foi do 2,1%, polo que a capacidade dos recursos correntes non financeiros da Entidade Local en termos reais é menor, o cal obriga a unha maior eficiencia na xestión para dar cobertura a totalidade dos servizos e xerar superávit real para o financiamento dos investimentos.


A variación pola cesión de Tributos do Estado e a contía do Fondo Complementario de Financiamento en relación co ano 2018 non ten variación, xa que as previsións de variación do PIB non prevén unha maior recadación polos ITE, polo tanto, non se fai axuste á alza sobre este recurso.

En canto á Participación nos Tributos da Comunidade Autónoma, mantense a contía do ano anterior e faise unha previsión de liquidación positiva, xa que as entregas a conta mantéñense invariables dende hai bastantes anos.

En relación aos ingresos correspondentes ao Plan Concertado, está relacionado coa prestación dun maior número de horas. O número de horas estase a axustar a solicitude da propia Comunidade Autónoma, producíndose un incremento importante no custe da prestación.

Como resume en relación cos recursos, a mellora cuantitativa ben relacionada coa aportación no FCF, que no ano 2018, estaba cuantificado coas achegas a conta do ano 2017, e a regularización feita a partires da aprobación da Lei 6/2018, d 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, permite facer unha previsión tendo en conta as entregas a conta do ano 2018. Así mesmo, tamén se produce unha mellora nos recursos propios con orixe na xestión, incorporando ao Padrón os novos feitos impositivos que xurden no ano 2017/2018 polos procedementos de inspección e xestión.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

*En relación co estado de gastos*

O estado de gastos as operacións correntes non financeiras teñen un crecemento do 2,47% en relación co do ano anterior, os estados consolidados, crecen un 2,56%. Este aumento que será explicado e xustificado, ten orixe no incremento do contrato de pretación do SAF, o novo contrato de promoción da cidade con Air Nostrum, o novo prezo do contrato de Tratamento integral de residuos, Modificación d contrato de xardins e P. Infantis, Sentenzas de Playa mar e Edf.N.Piñeiro, Programa socio-educativo ap.familiar..., aínda que a variación importante ven determinada pola aplicación da Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público.

En canto as operacións de capital, a súa variación é negativa nun 3,96%. Nos estados consolidados a variación é do (12,84%).

A variación dos empregos non financeiros é dun 1,65% na Entidade Local e dun 0,41% nos estados consolidados.

A variación total do orzamento en relación co ano 2018, é do 1,65% na Entidade Local e dun 0,41% nos estados consolidados.


*Análise funcional do gasto*

Os créditos ordénanse segundo a súa finalidade, con arranxo á clasificación por áreas de gasto, políticas de gastos, grupos de programas e programas.

A análise que se achega o fai a nivel políticas de gasto, por conformar uns empregos homoxéneos que posibilita determinar de xeito inequívoco para que se gasta. A información está a reflectir os estados consolidados. A táboa que se amosa, reflicte a variación das políticas de gasto de acordo a estrutura da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a cuantitativa.

Polít. pública	Concepto	Importe ano
13	Mobilidade e seguridade cidadá	34.395.686,35
15	Vivenda e urbanismo	34.024.678,40





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

16	Benestar comunitario	52.049.772,61
17	Medio ambiente	10.459.986,83
22	Outras prestacións a favor dos empregados	1.311.806,49
23	Servizos sociais e promoción social	17.466.091,52
24	Fomento de emprego	5.350.081,86
31	Sanidade	2.215.505,78
32	Educación	14.041.300,58
33	Cultura	12.773.159,64
34	Deporte	16.044.890,93
43	Comercio e Turismo	6.497.570,73
44	Transporte Público	12.646.400,00
49	Outras actuacións de carácter económica	188.216,55
91	Órganos de Goberno	4.777.081,82
92	Servizos de carácter xeral	21.673.899,01
93	Administración tributaria y financeira	10.787.481,30
94	Transferencias a outras admin. públicas	458.000,00
Total		257.161.610,40

A análise por programas reflíctese na memoria.

Incorpóranse ao informe os estados orzamentarios resumidos por Áreas de Gasto e por capítulos, tanto da Entidade Local como os consolidados, establecéndose os estados comparativos en relación cos do orzamento do ano 2018. A finalidade é a de conseguir unha visión simplificada da información orzamentaria, que con independencia da análise técnica que se desenvolva no informe, posibilite unha visión concluínte, tendo en conta os estados comparativos.

Inclúese no informe e nos estados que forma parte do mesmo, a información consolidada, se ben o orzamento do Organismo Autónomo Administrativo XMU, xa foi sometido a coñecemento do Consello da Xerencia na sesión do 18/10/2018.

O expediente tívose que artellar de acordo cos requirimentos que establece o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, é dicir, completos, pero aínda así, considérase necesario para facilitar a transparencia dos datos, a inclusión das cifras consolidadas e a súa análise. O expediente contén os estados da Entidade, os Consolidados e os da XMU.

Amósanse de seguido os cadros comparativos da distribución Orzamentaria atendendo á

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

6



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 07/11/2018 13:38

Páxina 6 de 27

Expediente 55/142

CSV: 2FEC5B-58BH21-BDBAAC-RJMQQZ-CUR2BU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

natureza económica e por Áreas de gasto, tendo en conta a estrutura aprobada pola Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS 2018 E COMPARATIVA CO ANO 2017**


CAPÍTULO	Gastos Entidade			Gastos estados consolidados		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	65.770.783,38	67.882.697,30	3,21%	69.712.103,38	71.949.645,30	3,21%
2	119.979.042,90	123.267.438,51	2,74%	121.690.910,43	125.158.944,96	2,85%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	3.530,00	3.530,00	0,00%
4	33.926.225,42	33.968.597,81	0,12%	28.102.825,42	28.028.597,81	-0,26%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	600.000,00	600.000,00	0,00%
Operc. C.N.F	220.279.581,70	225.722.263,62	2,47%	220.109.369,23	225.740.718,07	2,56%
6	31.130.357,41	29.812.598,54	-4,23%	34.781.257,41	30.139.367,36	-13,35%
7	931.069,50	980.748,24	5,34%	981.069,50	1.030.748,24	5,06%
Operac. N.F	252.341.008,61	256.515.610,40	1,65%	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

No seguinte cadro vaise amosar a variación en relación aos últimos catro anos das Operacións Non Financeiras, que engloban o gasto corrente e as operacións de capital dos capítulos 6 e 7.

A análise faise para os estados consolidados, eliminando así o sesgo que se pudesese incorporar pola variación dos Organismos Autónomos, aínda que estes tiveron a súa integración nos orzamentos do ano 2016.

O orzamento da Entidade, reflicte a totalidade do gasto tanto da Entidade como o dos Organismos Autónomos disoltos (IMD, Vigo ZOO e EMAO), integrados con programa propio e de xestión centralizada, polo que, os custes do servizo de persoal, contratación, contabilidade, fiscalización, secretaria, orzamentario, tesourería e demais que se consideran transversais, pasaron a ser desenvolvidos polos servizos municipais, o que supón un aforro na estrutura de custes.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Empregos	Anos				%	Variación
	2016	2017	2018	2019		
ONF.Correntes	212.747.391,00	215.845.236,00	220.109.389,00	225.740.718,00	6,10%	12.993.327,00
ONF. De Capital	9.783.676,00	16.576.498,00	35.762.327,00	31.170.116,00	218,59%	21.386.440,00
Total	222.531.067,00	232.421.734,00	255.871.716,00	256.910.834,00	15,45%	34.379.767,00
O. Financeiras	3.399.919,00	672.860,00	671.000,00	671.000,00		

A variación por empregos non financeiros, capítulos 1 a7 do estado de gastos, foi dun 15,45%.

**VARIACIÓN DAS ÁREAS DE GASTO DA ENTIDADE E CONSOLIDADO DO ORZAMENTO DO ANO 2018-2019**

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2018	2019		2018	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	128.643.501,40	130.930.124,19	1,78%	132.199.188,93	131.350.347,46	-0,64%
2	Actuación de protección e promoción social	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%
3	Produción B. públicos carácter preferente	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,77%	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,37%
4	Actuacións de carácter económico	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%
9	Actuacións de carácter Xeral	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%
Total		252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	256.542.696,14	257.581.833,67	0,41%

**CAPITULO I.- GASTOS DE PERSOAL.**

Este Capítulo recolle a totalidade das retribucións do persoal que presta os seus servizos no Concello de Vigo.


Reflicte tódolos conceptos retributivos previstos nos artigos 1 a 6 do Real Decreto 861/1996, de 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local e artigos 21 a 30 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como as

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

8







CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

retribucións do persoal laboral que forma parte do cadro de persoal. Por outra banda, tamén se consignan os gastos de formación e todos aqueles derivados do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No Programa 9120, reflíctense as retribucións dos Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial e as do persoal eventual, tanto os de gabinete como os asesores dos grupos políticos municipais. Estas dotacións están reflectidas, partidas 1000000, 1100000 e 1600001.

Están dotados para todo o ano os postos vacantes que figuran na RPT vixente. Tamén os custes da Seguridade Social a cargo do Concello.

Figuran neste capítulo, as dotacións para o Plan Emprego de inserción cofinanciado polo FEDER, programa DUSI, así como os programas de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero e o programa da primeira experiencia laboral para menores de 30 anos que figuran no programa 2410. No programa 9200, están dotados os gastos para os contratos de apoio á xestión do programa DUSI, así como as dotacións para outras modalidades de contratación, a dotación para as relacións laborais indefinidas por sentenza, os complementos variables destinados a Produtividade e Gratificacións. No programa 2210, dótase o Fondo Social, o Seguro colectivo de vida e accidentes, a asistencia médica do persoal e a achega municipal ao Fondo de Pensións. En canto á formación, salvo os plans de formación anual, que se dota no programa 9201, as demais, cada programa ten a súa propia dotación, que ten por finalidade a de facer fronte aos gastos de inscrición nas xornadas ou cursos específicos.


Tendo en conta o número de postos da RPT vacantes, dotados orzamentariamente para todo o ano, as prazas non están incluídas en ningunha OEP por limitacións legais, poderán conformar recursos para suplementar se fose necesario as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento.

Tamén as dotacións dos postos vacantes, poderán ser utilizados, previa tramitación da modificación orzamentaria, para outros empregos deste Capítulo.

Respecto das prazas vacantes dotadas presupostariamente e que non figuran incluídas nas Ofertas de Emprego correspondentes aos anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, xa que a do 2018 aínda está pendente de aprobar, non poden ser cubertas baixo ningunha modalidade das previstas na vixente lexislación.

En relación coa posibilidade de tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias para suplementar as aplicacións orzamentarias referenciadas co financiamento dos recursos xerados





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142


polas vacantes que non están asociadas a ningunha OEP aprobada, ou estando aprobadas están pendentes de executar, poderíase acometer unha racionalización da plantilla, facendo unha amortización das prazas que non poden ser incluídas en ningunha OEP ou transformando algunhas para axustar a estrutura da plantilla ás necesidades que xera o desenvolvemento da Administración electrónica, xerando uns recursos que poderían destinarse no proceso de formación do Orzamento anual a dotar as aplicacións 9200.1400000, 9200.1410000, 9200.1430000, 9200.1500000, 9200.1510000 coas estimacións anuais de gasto. De non acometer este proceso de racionalización, tendo en conta o principio económico de recursos escasos, así como o de eficiencia de gasto, no é posible dotar ao mesmo tempo todas as vacantes, a sabendas que non se poden cubrir, e a dotación para o financiamento das devanditas aplicacións, polo que, o financiamento que suplemente as devanditas aplicacións, sempre será con cargo a vacantes, salvo que se acometa un proceso de racionalización das vacantes.

A Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización fixa das retribucións para o ano 2019 do 2,25%.

En canto ao incremento variable, no ano 2019, fíxase nun 0,25% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe de variación do PIB á baixa en relación co obxectivo do 2,5%. Esta variación se devengaría se fose o caso a partires do 1 de xullo. Segundo as previsións do FMI, o PIB<sub>2019</sub> prevese nun 2,20%. Ademais, tamén se contempla un incremento do 0,25% da masa salarial.

O Orzamento previsto para o capítulo I, nas aplicacións que resultan obxecto de revisión está reflectir un incremento retributivo total do 3,27%, xa que tamén se está a ter en conta a variación do ano 2018, que en parte estaba reflectida no orzamento do ano 2018 e outra non, de aí que a variación total do capítulo I no documento orzamentario sexa do 3,21%. O incremento desta porcentaxe non se aplicou a conceptos tales como Fondo Social, Plan de pensións, produtividade, gratificacións, Seguro de vida e accidentes, formación e outras que non terían a condición de actualizables. Tamén se inclúe unha dotación no Programa 9200, partidas 1310010 e 1600010, para acometer o gasto de xestión do Programa FEDER DUSI e no programa 2410, as partidas 13100001, 1310002 para facer fronte aos programas de inserción de mulleres vítimas da violencia de xénero e para a primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, representado estas dotacións unha contía de 502.000,00 euros. En resumo, o gasto da Entidade nos estados de gastos consolidados incrementa nun 3,21%.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

As aplicacións novas no capítulo I son: 2410.1310001, programa de inserción laboral para mulleres vítimas da violencia de xénero, cunha dotación de 125.000,00 euros. A aplicación 2410.1310002, para o programa da primeira experiencia laboral para menores de 30 anos, cunha dotación de 225.000,00 euros, e o programa de apoio a xestión dos fondos DUSI, cunha dotación nas aplicacións 9200.1310010 e 1600010, de 116.000,00 euros e 31.000,00 euros respectivamente, que supón un aumento neste Capítulo de 497.000,00 euros.

En resumo, tendo en conta todas as consideracións, o gasto deste capítulo na Entidade e nos estados consolidados, increméntase nun 3,21%.

De non ser legalmente efectiva a actualización dos salarios na porcentaxe fixada, as retribucións que se devenguen e paguen, manterán a mesma contía ca do ano anterior, non sendo aplicable a revalorización prevista. A actualización no mes de xaneiro do ano 2019, terá que ser aprobada pola norma que permita facer efectivo o 2,25%.


En relación coa Taxa de Reposición de Efectivos, estase a manter o previsto no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos do Estado para o ano 2018. As Administracións Públicas que no exercicio anterior (2018) haxan cumprido os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e a regra de gasto, terán unha taxa de reposición do 100 por cen. Adicionalmente, poderán dispor dunha taxa do 8 por cento destinada a aqueles ámbitos ou sectores que requiran un reforzo de efectivos, sempre dentro do marco da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta porcentaxe adicional utilizarase preferentemente cando se dea, entre outras, algunha das seguintes circunstancias: establecemento de novos servizos públicos, incremento de actividade estacional pola actividade turística ou alto volume de xubilacións esperadas. Para as entidades locais, os límites de débeda serán os que fixen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

A porcentaxe de taxa adicional será do 10 por cento para as entidades locais que, ademais dos requisitos anteriores, tivesen amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio anterior. En resumo, se se dan todas as circunstancias, a TRE pode chegar ao 110%.

As Administracións Públicas que non cumprisen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública e de regra do gasto terán unha taxa de reposición do 75 por cento, coa excepción dos ámbitos de actuación regulamentados no apartado UN.3 do artigo 19 da Lei 6/2018.

Para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía Autónoma e





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Policías Locais a taxa de reposición será do 115 por cento.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máximo fixado aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporaron nos mesmos, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo mediante sentenza judicicia

No gasto orzamentado están incluídas as vacantes asociadas ás Ofertas de Emprego Público aprobadas pendentes de executar, así como a do ano 2018 que a esta data non está aprobada. Ademais, tamén están dotadas aquelas vacantes que se xeran no ano 2018, e que se se cumpren os requisitos legais, conformarán a OEP do ano 2019, así como aquelas outras que non conformando OEP, están dotadas para todo o ano, que serán obxecto de tratamento orzamentario para suplementar outras aplicacións orzamentarias dentro do capítulo I.

No que atinxe ás retribucións dos membros da Corporación con dedicación exclusiva ou parcial, dótanse tendo en conta o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión do 29 de xuño de 2015.

En relación coas retribucións do Sr. Alcalde e dos Srs. Concelleiros, para o ano 2019 non serán maiores co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, quedando fixado o límite no 80% das retribucións previstas para un Secretario de Estado. O Real Decreto lei 1/2014, de 24 de xaneiro, incorpora a DA nonaxésima á Lei 22/2013, de Orzamentos do Estado para o ano 2014, na que se fixan as retribucións dos membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación exclusiva, quedando a contía para os Concellos que teñen unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes (onde está o Concello de Vigo), nun máximo de 80.000 euros por todos os conceptos retributivos.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

12



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 07/11/2018 13:38

Páxina 12 de 27

Expediente 55/142

CSV: 2FEC5B-58BH21-BDBAAC-RJMQQZ-CUR2BU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

O Sr. Alcalde e os Srs. Concelleiros con dedicación exclusiva, teñen unhas retribucións máis baixas que o límite legal establecido, polo tanto, están a dar cumprimento tanto ao artigo 75 bis da Lei 7/1985 como o previsto no RD-I 1/2014. Non están a recibir contía algunha adicional pola asistencia as sesións dos órganos, dándose cumprimento a que a retribución que reciben, dentro do límite legal, é por todos os conceptos retributivos.

De igual xeito, darase cumprimento, ao previsto no artigo 75 ter e 104 bis da Lei 7/1985, incorporado pola Lei 27/2013, en canto ao número de concelleiros con dedicación exclusiva e de persoal eventual. En relación con ambos límites máximos, para unha poboación entre 150.001 e 300.000 habitantes, o número de concelleiros con dedicación exclusiva non será superior a 18, e o número máximo de persoal eventual, non será superior ao número de membros que conforman a Corporación, neste caso, 27, (9 con dedicación exclusiva e 18 eventuais) en ambos casos, estase a cumprir coas dúas limitacións, sendo o seu número moi inferior que os límites legais.

O réxime das indemnizacións dos Srs. Concelleiros que non ostenten dedicación parcial nin exclusiva será o establecido no acordo do Concello-Pleno de data 26 de abril de 2004, que queda reflectido na Base 35ª das de Execución do Orzamento.

As consignacións recollidas neste Capítulo, foron remitidas pola Área de Recursos Humanos e Formación. O documento de detalle ten carácter interno non formando parte formal do expediente, o que si se adxunta é a Plantilla e cadro de persoal, así como o resumo por unidades xestoras. Tamén se incorpora a información dos complementos específicos segundo os tipos de postos que conforman a RPT.

En canto á variación dos estados consolidados, recollen as variacións correspondentes á Entidade Local e o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

O devandito capítulo da Entidade Local, reflicte unha dotación orzamentaria de 67.882.697,30 euros, cunha variación do 3,21% en relación coa dotación do ano 2018. Os gastos de persoal representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 26,40% e un 30,07% sobre os gastos correntes non financeiros.

Os custes do capítulo dos estados consolidados para a RPT vixente, é de 71.949.645,30 euros, cunha variación do 3,21%, representan unha porcentaxe do total do orzamento equivalente ao 27,93% e un 31,87% sobre os gastos correntes non financeiros.

## CAPITULO II.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

13



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 07/11/2018 13:38

Páxina 13 de 27

Expediente 55/142

CSV: 2FEC5B-58BH21-BDBAAC-RJMQQZ-CUR2BU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Comprende os gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio e desenvolvemento das actividades propias da Entidade Local, cuxa regulación está prevista no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ademais daquelas previstas no capítulo 25 da mesma norma e aquelas outras desenvolvidas por delegación.

De acordo ao previsto no artigo 7 da LRBRL, as competencias das Entidades locais son propias ou atribuídas por delegación. Só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

O Proxecto de orzamentos do Capítulo II da Entidade ascende a 123.267.438,51 euros, que supón unha variación positiva do 2,74% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2018, e representa un 47,93% respecto do total do orzamento e un 54,61% sobre os empregos correntes non financeiros.


Nos estados consolidados, este capítulo ascende a 125.158.944,96 euros, supón unha variación positiva do 2,85% sobre o mesmo capítulo do orzamento do ano 2018, representa o 48,59% sobre o orzamento total e o 55,44% sobre os empregos correntes non financeiros.

Inclúense as dotacións necesarias para atender aos contratos de prestación dos distintos servizos dos considerados obrigatorios que regula o artigo 26 da LRBRL, así como aquelas que, sen ter ese destino, teñen relación directa co ámbito de competencias que establece o artigo 25 da Lei 7/1985 e os xestionados por delegación ou autorización.

Este capítulo reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo, estando dotados de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento dos servizos. As aplicacións que forman este capítulo teñen recollida as actualizacións contractuais en todos os casos en que non se tivese feito unha renuncia a este dereito por parte da prestadora do mesmo ou que o PCAP, non teña previsto a revisión de prezos.

Os servizos máis relevantes que se recollen neste capítulo son: os da recollida dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria, recollida selectiva, tratamento de residuos, mantemento de contedores e papeleiras, mantemento da rede semaforica, recollida de vehículos da vía pública, mantemento de xardíns e parques infantís, limpeza de colexios, limpeza de dependencias municipais, mantemento de alumeadado público, mantemento da rede viaria, mantemento de





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

túneles, pintado dos viarios, mantemento de cemiterios, mantemento de beirarrúas, escolas infantís, escola de música, escola de teatro, escola de danza, escola de música tradicional, mantemento de colexios, mantemento de instalacións deportivas e culturais, prestación de servizos deportivos, cobertura de riscos, programas de metadona, centros de día, centro de servizos sociais, programas de infancia e maiores, programa de ludotecas, prestación de servizos financeiros, servizo de axuda no fogar, promoción económica da cidade, programas de inmersión lingüística, Programa socio-educativo de apoio familiar e alugueiros de bens inmóbeis.

En canto as subministracións, os máis representativos son: os de enerxía eléctrica, comunicación, combustibles, vestiario, material de oficina non inventariable, así como os contratos de prestación para o funcionamento normal dos restantes servizos.

Queda igualmente reflectido neste capítulo, aquel gasto que non ten o carácter de obrigatorio pero que ten como finalidade o desenvolvemento das competencias dos entes locais, tal é o caso das políticas culturais, educativas, deportes, lúdicas, de xuventude, de igualdade, etc.

As variacións contractuais limitáronse á actualización de prezos previstos nos pregos de cláusulas administrativas que regularon os procedementos de contratación. Outra das causas da variación, está na mellora das prestacións de determinados contratos que foron obxecto de licitación no ano 2018 ou previsto para o ano 2019, como foron os de limpeza viaria, recollida de residuos, contedores, vixilancia en praias, servizos de atención ao público en oficinas descentralizadas, programa de becas de inglés, Programa socio-educativo e apoio familiar.

Melloras en determinadas prestacións como é o programa de inmersión lingüística, melloras en políticas de educación, culturais e deportivas, contrato de promoción económica da cidade, prestación do servizo de axuda no fogar, mantemento de xardíns e parques infantís.


O programa operativo, DUSI Vigo, ten a súas dotación nos programas orzamentarios 1539, 2310, 2410, 9200 e 9207, ten unha dotación na aplicación 2310.2270610 para políticas de inserción social a colectivos en risco de exclusión de 200.000 euros, outra para procesos de mellora de xestión do servizo, 2310.2270611 por unha contía de 200.000,00 euros.

No programa 2410, a partida 2270610 tamén do programa DUSI, reflíctese unha dotación de 150.000 euros, ten por finalidade o de facer fronte ao gasto en asesoramento a PYMES e Emprendedores.

Neste capítulo 2, reflíctese o gasto en comunicación do programa, aplicación 1539.2260200 cunha dotación de 50.000 euros.

Estas liñas de actuación do Programa DUSI no capítulo II, supoñen un aumento de gasto





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

de 100.000,00 euros en relación co Orzamento do ano 2018, que xuntamente coa variación que tiveron os contratos do SAF, Programa socio-educativo apoio familiar, contrato de promoción da cidade, tratamento integral de residuos e limpeza viaria, contrato de mantemento de xardíns e parques infantís, as sentenzas e demais relacionados, xutifica a variación deste capítulo nun 2,74% na Entidade e do 2,85% nos estados consolidados.

A área de gasto 1, de servizos públicos básicos, son os servizos que a Entidade ten que prestar de xeito obrigatorio, como son os de extinción de incendios, policía e seguridade, urbanismo, mantemento de vías, medio ambiente, servizo de recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, alumado público, etc, cun crecemento do 1,78%.

Na área de gasto 2, actuacións de protección e promoción social, na que está basicamente o servizo de benestar social, o crecemento é dun 12,26%.

En relación coa produción de bens públicos de carácter preferente, área de gasto 3, onde están as políticas de: educación, deportes, culturais (museos, bibliotecas, festas, promoción cultural, mocidade, etc), ten un axuste co orixe no aforro do gasto de alugueiro do Local da UNED e dos gastos de funcionamento que pasaro ao programa 9330, dun (3,77%).

En canto á Área de gasto 4, actuacións de carácter económico, donde está comercio, turismo e industria, o contrato de promoción da cidade xerou unha variación á alza desta Área nun 5,12%.


O incremento da Área de gasto 9, ten a súa orixe nos investimentos en medios electrónicos e informáticos para dar cumprimento ao previsto nas Leis 39 e 40/2015. Así mesmo, tamén hai un volume de investimentos importante no programa de Patrimonio, sendo a finalidade as salas de lectura, adquisición dun local para o colexio Pintor Colmeiro, a cubrición do centro cultural de Becerreira, Salas de lectura de Navia e Teis, Centro cultural de Coruxo...

O gasto ten que estar dentro da senda do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do cumprimento da Regra de Gasto. En canto á regra de gasto, a TRCPIB de medio prazo para o ano 2019 quedou fixada nun 2,7%, unha vez que se fan os axustes, estase a dar cumprimento a mesma tal e como queda reflectido nas análises e avaliación feita que figura como documentación anexa ao expediente.

As taxas de referencia de cada ano (TRCPIB), calcularanse promediando as taxas dos 5 anos anteriores, a do ano en curso e dos 3 anos posteriores. Para o crecemento do PIB en termos reais tomaranse os datos de crecemento potencial do PIB neses anos. Para o crecemento do deflactor, cada ano elixirase o menor dos dous valores seguintes: ou ben o 2% ou ben a taxa de







CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

crecemento do deflactor do PIB prevista ou efectivamente rexistrada segundo a Contabilidade Nacional.

Para garantir o control dos gastos correntes non financeiros así como sustentabilidade a teor da limitación dos recursos, aplícase o protocolo de suma cero, calquera novo gasto ou ampliación do mesmo, require que a unidade propoñente reduza gasto no mesmo programa funcional ou noutro da súa área de competencia ou aporte novos ingresos para financiar o novo ou maior gasto (pay- go), como fórmula para acadar os equilibrios orzamentarios e de garantir unha disciplina orzamentaria, seguindo o modelo orzamentario proposto, se acometeron os novos gastos financiados con baixas noutras partidas, sempre dentro dos obxectivos previstos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

### CAPITULO III.- GASTOS FINANCIEROS

Este Capítulo inclúe os seguintes conceptos:

Xuros de préstamo a longo prazo.

Xuros de demora.

Xuros de préstamo a corto prazo.


Gastos de formalización.

Ao Capítulo III do estado de gastos se lle atribúe unha consignación de 3.530 euros para facer fronte a calquera eventualidade de xuros por depósito de garantías. A dotación é testemuñal, sendo a súa finalidade a de manter unha aplicación aberta para acometer si fose o caso, unha modificación orzamentaria.

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda tanto polos custes financeiros como pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha, habéndose producido nos catro últimos anos (2013-2016), unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros.

O capítulo 3 do estado de gastos non ten na práctica significado algún, non representado porcentaxe sobre os gastos correntes non financeiros nin sobre a totalidade do orzamento.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

#### CAPÍTULO IV.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCÍONS CORRENTES

A contía prevista para atender ao gasto en concepto de transferencias e subvencións correntes deste Concello para o ano 2019 é de 33.968.597,81 euros, cunha variación do 0,12% en comparación co orzamento anterior e unha ponderación no total de gastos do 13,21%, e do 15,05% sobre os gastos correntes non financeiros.


Nos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, así como a que o Organismo Autónomo fai á Entidade Local, e que se elimina no proceso de consolidación.

Nos estados consolidados, a contía é de 28.028.597,81 euros, cunha variación negaiva en relación co ano anterior do 0,26%. Representa un 10,88% sobre o total do orzamento e un 12,42% sobre o gasto corrente non financeiro.

Neste Capítulo están incluídas, entre outras, as seguintes dotacións:

- Transferencia a favor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Transferencias a Entidade Local de Bembrive.
- Compensacións, polo concepto de diferenza de prezo do billete e prezo pagado polos beneficiarios da tarxeta social, tarxeta verde, pensionistas e xubilados cunha renda que non supere o SMI polo uso do Transporte Urbano Colectivo de Vigo, así como o Servizo de Lanzadeiras ao Campus Universitario e ao Hospital Alvaro Cunqueiro.
- Convenio FOAMPA.
- Transferencia a Mancomunidade de Municipios.
- Subvencións convocadas polas distintas áreas xestoras (Participación Cidadá, Cultura, Deportes, Benestar Social, etc).
- Convocatoria das axudas ao emprego e para a creación de empresas.
- Convocatoria de axudas a alugueiros, alimentos e carencia enerxética.
- Transferencias nominativas para eventos e determinados clubs de elite.
- Convenios de cooperación do programa de Benestar Social.
- Transferencias ás Fundacións MARCO, LISTE, VIDE, LAXEIRO, PROVIGO,





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

CONVENTIUN BUREAO.

- Subvencións aos Grupos Políticos Municipais.
- Axuda ao terceiro mundo.
- Axudas humanitarias.
- Convenio UNED.
- Convenio Universidade de Vigo

En canto aos estados consolidados, o importe é menor que o da propia Entidade Local, xa que unha parte importante deste capítulo é a transferencia corrente que a Entidade fai ao seu Organismo Autónomo, así como a que o Organismo Autónomo fai á Entidade Local, e que se elimina no proceso de consolidación.


**RELACIÓN DE TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONSCORRENTES, ORZAMENTO  
2019**

Programa	Código	Importe
Seguridade e tráfico	1330	5.000,00
Urbanismo	1510	6.010.000,00
Fomento	1532	180.000,00
Cemiterios	1640	27.250,00
Acción Social	2310	4.588.350,00
Igualdade de xénero	2311	161.300,00
Emprego	241	2.433.000,00
Cedro	3112	95.000,00
Servizos Educativos	323,33	1.556.539,31
Área Cultura	333,33	2.074.700,00
Xuventude	3370	77.000,00
VigoZoo	3371	14.800,00
Festas	3380	639.500,00
Deportes	3410	2.070.500,00

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

19





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Comercio	4310	50.000,00
Turismo	4320	450.000,00
Transporte Público	4410	12.600.000,00
Área Alcaldía	9120	183.560,00
Participación Cidadá	9240	294.098,50
Transf. Administr.	9420	458.000,00
<b>TOTAL, 4</b>		<b>33.968.597,81</b>

Hai documentación na que se xustifica a condición de nominativa no orzamento. Achégase igualmente, un ficha que reflicte as condicións e a liña da achega, para aquelas que non teñen a condición de transferencias de funcionamento.

#### CAPÍTULO V.- FONDO DE CONTINXENCIA

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, estableceu un novo marco de xestión orzamentaria para todas as Administracións Públicas.

Neste novo marco, para poder facer fronte a determinadas necesidades de gasto non previstas nas dotacións iniciais do orzamento, a citada Lei, estende ás Corporacións Locais a obrigatoriedade de incluír nos orzamentos un Fondo de continxencia.


O artigo 31 da citada norma, establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, incluírán nos seus Orzamentos unha dotación diferenciada de créditos orzamentarios que se destinará, cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio.

1.-En cumprimento do previsto no artigo 31 da LOEOeSF, o Fondo de Continxencia, dótese na aplicación 9290.5000000, cunha contía de 600.000 de euros.

2.- O Fondo destinarase exclusivamente a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, e que poidesen xurdir ao longo do ano 2017.

3.- A aplicación orzamentaria do Fondo vincúlase consigo mesma. Con cargo ao Fondo,





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

non poderá imputarse directamente gasto algún. Tan só será utilizable, sempre que non existan outros recursos orzamentarios-financeiros para facer fronte ás necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado.

4.- O Fondo poderá financiar modificacións orzamentarias cualificadas como Suplementos de Crédito ou Créditos Extraordinarios para atender aquel tipo de necesidades excepcionais.

O expediente de modificación de créditos financiado co Fondo de Continxencia, será aprobado polo Pleno da Corporación con suxeición aos requisitos previstos no TRLRFL, e acreditarase tanto o carácter non discrecional do gasto como a imposibilidade da súa previsión no Orzamento inicial.

Non ten variación algunha en relación coa dotación do ano anterior, representa o 0,23% do total do orzamentado da entidade e un 0,23% nos estados consolidados.


#### CAPITULO VI.- INVERSIONES REALES

No cadro de investimentos, e de xeito máis específico no PAIF, pódese comprobar a composición do financiamento para cada unha das operacións de capital non financeiro.

Resume de investimentos por grupo de programa

G. de programa	Inversión	
	Xestor	Importe
132	Seguridade e Orde Público	66.000,00
133	Ordenación tráfico	2.000,00
136	Servizo de extinción de incendios	1.000.000,00
151	Urbanismo	326.768,82
153	Fomento	17.974.232,25
162	Recollida de RSU	15.000,00
165	Alumeado	50.000,00
171	Parques e Xardíns	1.652.424,75
172	Protección e mellora do M. ambiente	10.000,00
231	Acción Social	440.000,00
241	Fomento de emprego	30.000,00
323	Promoción educativa	476.000,00
326	Servizos complementarios educativos	19.000,00
332	Bibliotecas e arquivos	32.500,00
333	Museos	90.393,77
336	Patrimonio histórico	95.000,00
337	Ocio e tempo libre	17.000,00
342	Instalacións deportivas	4.847.047,77





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

431	Comercio	50.000,00
912	Órganos de goberno	15.000,00
920	Administración xeral	1.635.000,00
924	Participación cidadá	20.000,00
933	Xestión do patrimonio	1.276.000,00
Total		30.139.367,36

A contía dos investimentos consolidados é de 30.139.367,36 euros, representa un 11,70% do orzamento total.

O superávit ordinario (recursos ordinarios-empregos ordinarios) para financiar o plan de investimentos en relación co ano precedente nos estados consolidados, non ten variación, representado un 46,59% da totalidade dos empregos.


Incorpórase a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, regulado pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os servizos vinculados ao programa son: 1539, 2310, 2410, 9200 e 9207. No Orzamento reflíctese o cofinanciamento que lle corresponde ao Concello en cada un dos obxectivos para a anualidade 2019 e os compromisos correspondentes ao financiamento do FEDER.

Forma parte da documentación que conforma o expediente orzamentario, un plan de investimentos que recolle os do ano 2019 así como os proxectados para os anos 2020-2022.

**Proxectos cofinanciados con fondos FEDER (EDUSI)**

Aplicación	Proxec.	Investimento	2018		2019	
			R. propios	F. UE	R. propios	F. UE
1539.6190000	17153900	DUSI, GRAN VIA, OT4/OT6		4.781.565,00	,00	
1539.6190003	17153903	DUSI PORTA DO SOL, OT4/OT6		5.091.883,73	,00	1.448.381,69
1539.6190010	17153210	DUSI Vigo Ascensores J.R Jimenez Valterra-T-Pi Marqall	1.000.000,00		<b>535.616,35</b>	
2310.6320010	18231010	DUSI,OT9,LA21,Restrut.A.Social, centro cidade	20.000,00	80.000,00	<b>88.000,00</b>	352.000,00
9207.6260002	18920702	DUSI, OT1, LA1, Ad. Electr. Ad. Lei 39 -40/2015	155.000,00		<b>1.000,00</b>	4.000,00
9207.6260003	18920703	DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, equipos	50.000,00		<b>10.000,00</b>	40.000,00
9207.6260004	19920704	DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá, equipos			<b>1.000,00</b>	4.000,00
9207.6260005	19920705	DUSI,OT2, LA4, Plataforma smart city, Equip.	10.000,00		<b>1.000,00</b>	4.000,00
9207.6400005	18920715	DUSI,OT2, LA4, Plataf. smart city, Inmaterial	40.000,00		<b>48.000,00</b>	192.000,00





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

9207.6400004	18920714	DUSI, OT2, LA3, identidade cidadá, inmaterial.	75.000,00		32.000,00	128.000,00
9207.6400003	18920713	DUSI, OT2, LA2, Accesibilidade TIC, inmaterial	60.000,00		19.000,00	76.000,00
9207.6400002	18920712	DUSI, OT1, LA1, Ad. Electr. Ad. Lei 39- 40/2015	35.183,25	349.916,75	112.000,00	448.000,00
9207.6400006	18920716	DUSI, OT2, LA5, Open Goberment, inmaterial.	85.000,00		17.000,00	68.000,00
2410.1310000	18241050	DUSI, Obxectivo OT9: LA15. Inserción Laboral, Retrib.	1.200.000,00		1.200.000,00	
2410.1600001	18241050	DUSI, Obxectivo OT9: LA15.B. Inserción Laboral, SS.	300.000,00		300.000,00	
2410.2270610	18241051	DUSI, Obxectivo OT9: LA16. Emprendedores e E PYMES	30.000,00	120.000,00	30.000,00	120.000,00
2310.2270610	18231050	DUSI, Obxectivo OT9: LA17 Formación. Col. risco exclusión	30.000,00	120.000,00	40.000,00	160.000,00
2310.2270611	18231051	DUSI, Obxectivo OT9: LA18 Mellora proc. xestión interna	20.000,00	80.000,00	40.000,00	160.000,00
9200.1310010	18920050	DUSI, Todos os obxectivos, contrato de persoal estrutura	116.000,00		120.000,00	
9200.1600010	18920050	DUSI, Todos os obxectivos, contrato persoal estrutura, SS.	31.000,00		32.000,00	
1539.2260200	18153900	DUSI, comunicación, todos os obxectivos e liñas	50.000,00		10.000,00	40.000,00
1539.2270605	17153905	DUSI, Todos os obxectivos, Soporte técnico da prestación	186.852,19			
Total			3.494.035,44	10.623.365,48	2.636.616,35	3.244.381,69


Tamén son obxecto de incorporación ao orzamento, os proxectos financiados con financiamento afectado asociado aos convenios asinados ata a data con outras administracións, con especial referencia á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e os compromisos asumidos co Ministerio de Fomento para as obras do túnel da Rúa Lepanto e acceso á Estación do AVE polas anualidades que correspondan ao ano 2018. No caso do Ministerio de Fomento, non se reflicte o seu financiamento por estar pendente de sinatura o convenio e a concreción, polo que se dota o compromiso da Entidade.

Os Proxectos financiados con convenios asinados coa Excm. Deputación e Pontevedra, nos que segundo se fai constar no PAIF, a distribución por anualidades e o total, reflicten os compromisos dos convenios para os anos 2018-2019 e no carril bici, ata o ano 2020:

**Proxectos cofinanciados coa Excm. Deputación de Pontevedra**

Aplicación	Proxecto	Investimento	2019	
			Rc. propios	F.allea, UE
1532.6090002	18153202	Conv. Deput. Carril bici Teis-Samil	936.491,00	2.137.000,00
1532.6190009	18153209	Conv. Dep. Pontevedra, Estrada Beade-Garrida	100.000,00	1.204.982,11
1532.6190010	18153210	Convenio Dep. Pontevedra, Estrada Provincial	102.141,87	900.000,00
3420.6220006	18342006	Convenio Deputación construción pavillón polideportivo QUIRÓS	421.095,04	895.629,32
3420.6220007	18342007	Convenio Deputación novas instalacións deportivas Romil, 77	163.557,23	657.462,69
3420.6320009	18342009	Convenio Deputación mellora instalacións deport. baixo G. Río	388.269,17	248.034,32





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

3420.6320014	18341014	Conv. Deput. renov. céspede sintético -electricidade C. Fútbol.	760.000,00	870.000,00
Total			2.871.554,31	6.913.108,44

**Proxecto cofinanciado coa Administración Central e Autonómica**

Proxecto	Anos	A. Central	A. Autonómica	A. Local
Túnel Lepanto, AVE	2018	100.000,00	315.000,00	326.629,12
	2019	5.209.629,23	1.209.166,12	998.055,50
	2020	1.208.263,99	174.813,06	998.055,38
Total		6.517.893,22	1.698.979,18	2.322.740,00


No financiamento do capítulo 6 (investimentos), hai varios axentes financiadores relevantes:

- FEDER: Polo Programa Urbano de desenvolvemento sostible, cunha contía de 3.244.381,69 de euros, cuxas aplicacións/empregos, relaciónase no PAIF e na táboa deste informe, dando resposta a todos os obxectivos marcados polo programa e a todas as liñas en cada un dos mesmos. O número de accións previstas neste programa son 21.
- A Administración Central, Autonómica e Local: Polo proxecto do Túnel de Lepanto e acceso á estación do AVE, ten unha financiación allea que se corresponde con 5.209.629,23 euros da A. Central e 1.209.166,12 euros de financiamento Autonómico, segundo o cadro de financiamento que se reflicte neste informe.
- Excma. Deputación de Pontevedra: Polos convenios asinados por unha contía de 6.913.108,44 euros, sendo a súa aplicación os investimentos relacionados na páxina 19 desta memoria, sendo os empregos a fins todos eles que van a melloras os servizos que se ofertan aos cidadás. Abarcan á infraestrutura viaria como é o cofinanciamento das obras da estrada Provincial e a Estrada Beade-Garrida, o cofinanciamento e mellora de instalacións deportivas, como son os investimentos no Pavillón de Quirós, as novas instalacións na Rúa Romil 77, a mellora nas instalacións deportivas nos baixos da Bancada de Río, o cambio e mellora en dez campos de fútbol con cambio de céspede sintético e o carril Bici dende Samil a Teis.

Os compromisos destes axentes ao capítulo de investimentos unha vez deducidos os empregos do capítulo 1 e 2, representan un 6,25% dos orzamentos consolidados.







CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio e que tiveron o seu inicio no ano 2018 ou anteriores.

O financiamento alleo, tanto polo Programa de Desenvolvemento Urbano Sostible (DUSI), con financiamento polo FEDER, como polo financiamento da Excm. Deputación de Pontevedra, Administración Central e Autonómica os recursos previstos son por unha contía de 16.576.285,48 euros.

No financiamento dos investimentos, non hai apelación ao crédito, a entidade está a financiar o seu plan de investimentos co superávit ordinario máis a achega dos axentes cofinanciadores.

A mellora que se está a producir nos últimos anos na capacidade para o financiamento do plan de investimentos con recursos propios, ten a súa orixe na amortización anticipada da débeda, que permitiu trasladar os empregos que se adicaban ao servizo de débeda (capítulos 3 e 9), a outros capítulos ou outros empregos.


Na táboa seguinte, amósase a evolución que foi tendo o superávit orzamentario inicial e a súa aplicación ás operacións de capital non financeiro. A análise faise tendo en conta o superávit ordinario, comparando o resultado cos empregos de capital non financeiro.

Financiamento propio nos últimos anos, entidade.

Anos	Superávit para empregos en operacións N.F de capital
2016	12.512.595,00
2017	13.998.358,00
2018	13.917.085,00
2019	14.612.285,00

En relación co financiamento municipal, no Programa operativo DUSI, como se reflicte na táboa de financiamento deste programa, o Concello está a facer un maior financiamento co inicialmente previsto, polo que, tamén garante que de resultar algún do gasto inicialmente computable como gasto elixible non resultase aceptado, tería un exceso de empregos para poder substituír.





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

Tendo en conta que falta en algunha das liñas a anualidade do ano 2020 (Administración electrónica e Benestar social, gastos de persoal do programa), están previstos outros 1,8 millóns de euros, que estaría a supor unha aportación ao programa de algo máis de 7 millóns de euros. En calquera caso, o cofinanciamento propio está a ser suficiente amplo para garantir a cobertura do gasto elixible.

En relación coa tramitación do procedemento, a esta data xa están asinados en enviados todas as lista S1 criterios de selección e priorización da operacións do programa e o documento que establece as condicións da axuda. Antes do remate do ano, tamén se incorporarán as xustificacións da execución de contratos que están dentro das operacións elixibles.


**CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS DE CAPITAL.**

Son de aplicación a este Capítulo, as achegas que fai a Entidade Local, sen contraprestación directa do axente perceptor, con destino a financiar operacións de capital, ascende á cantidade de 1.030.748,24 euros, que supón unha variación do 5,06%, cunha ponderación do 0,40% sobre o total do Orzamento.

As dotacións que figuran neste capítulo orzamentario son as seguintes:

Aplicación	Proxecto	Emprego	2019
1510.7670000	19151030	Transferencia para o Plan Actuación CCVV	22.222,00
1510.7800000	19151017	Axudas accesibilidade edificios	50.000,00
23107800000	19231000	Subvención a mellora de fogares	50.000,00
3360.7200000	19336000	Convenio Ministerio Cultura, mellora Muralla do Castro	48.526,24
3420.7700000	19342000	Subvención instalacións deportivas centros educativos	150.000,00
3420.7800011	19342011	Axudas a melloras en campos de fútbol	250.000,00
9240.7800000	19924000	Achegas para mellora de Prazas de uso público e atrios de igrexas	91.000,00
9240.7800001	19924001	Mellora no local da Banda de Música de Bembrive	10.000,00
9240.7800003	19924003	Mellora local centro Cultural Coruxo	9.000,00
9240.7800010	19924010	Subvencións de capital as Asociacións sin fins de lucro	350.000,00
Total			1.030.748,24 *





CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA

Expediente:55/142

### CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS

As dotacións provisionais deste capítulo se manteñen en relación ao exercicio anterior, e ten como finalidade a tramitación de anticipos ao persoal.

A dotación representa un 0,26 por 100 sobre o total do orzamento consolidado.

### CAPITULO IX.- PASIVOS FINANCEIROS

O Capítulo IX recolle o gasto correspondente ás cotas de amortización anual das diferentes das operacións de endebedamento financeiro.

Non hai débeda financeira, polo que o servizo de débeda pola amortización de pasivos, non ten dotada contía algunha, habéndose producido no período de catro anos (2013-2016), unha amortización extraordinaria de débeda financeira por unha contía de 44.825.788,57 euros, e unha amortización ordinaria no mesmo período de 24.620.600,51 euros. Os estados consolidados manteñen as mesmas contías que as da Entidade Local, xa que o Organismo Autónomo da XMU non ten débeda financeira algunha formalizada.

### CONCLUSIÓN

En resumo, a totalidade dos créditos consignados no estado de gasto do orzamento son suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles a este Concello por tódolos conceptos coñecidos na fase procedimental de formación do proxecto do orzamento para o ano 2019, e polo tanto, suficientes para facer fronte aos contratos vixentes así como aquelas outras previstas no orzamento e os gastos de funcionamento operativo dos distintos servizos de competencia municipal.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 15/06/2015): Jaime Aneiros Pereira

Informe económico de gastos, Orzamento Concello de Vigo para o ano 2019

27



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2018 13:38

Páxina 27 de 27

Expediente 55/142

CSV: 2FEC5B-58BH21-BDBAAC-RJMQQZ-CUR2BU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>